

Laboratorio de Apoderamento Lingüístico

CURSO
2022/23

INFINITO



Que é o Laboratorio de Apoderamento Lingüístico?

O Laboratorio de Apoderamento Lingüístico (LAB) é un proxecto piloto de dinamización do uso da lingua e de xestión do conflito lingüístico, promovido pola cooperativa Rexenerando. En 2022 foi seleccionado como parte do TeCe Redes en Galego, o repositorio de proxectos dixitais e servizos presenciais creado ao abeiro do Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 21-22.

O laboratorio integra metodoloxías de innovación social e uso das TIC para a sensibilización sobre a diversidade lingüística e a abordaxe do conflito lingüístico coa finalidade última de activar unha rede de mozas e mozos comprometidos coa lingua, que actúen como axentes de mediación no conflito lingüístico e activación de falantes entre iguais.

A primeira edición desenvolveuse en Ferrolterra, coa participación de catro centros de ensino da comarca. Constou de obradoiros vivenciais en aula, unha sesión de traballo intercentros para o prototipado de accións pola lingua e un acto final de celebración e peche. Contou cun cunha identidade gráfica propia con diferentes aplicativos, unha conta de Instagram, notas de prensa e dous vídeos resumo.

Por que impulsamos este proxecto?

O LAB toma como referencia os elementos e conclusións definidos no PXNL a respecto do Sector 2. Educación, Familia e Mocidade, dirixíndose especificamente á mocidade adolescente como potencial motor do cambio do conxunto da comunidade educativa. Ponse o foco no alumnado de secundaria, nun momento evolutivo no que están a conformar os seus propios valores, a conciencia crítica e novas relacións, que aumentan co paso do instituto ao ámbito laboral ou aos estudos superiores. Unha etapa no que se dan novas oportunidades de activarse no galego e, polo tanto, un momento ideal para “estimular nas xeracións máis novas actitudes favorables (...) superando vellos prexuízos, presións globalizadoras e inercias negativas”.

Para iso, o LAB combina a transmisión de contidos, para coñecer e tomar consciencia do valor da diversidade lingüística no mundo, coa creación de espazos seguros nos que afondar na expresión e comprensión das ideas, prexuízos e emocións que están presentes en contextos de conflito lingüístico e, polo tanto, na nosa relación co galego. O obxectivo final é facer emerxer propostas de acción e dinamización lingüística impulsadas polas persoas participantes a partir da súa experiencia e dos seus propios desexos de cambio. Non se trata só de entender e reflexionar sobre a relación coa lingua, senón de promover un espazo de expresión seguro onde “o galego funcione como lingua de relación normal”, un dos puntos débiles identificados no PXNL e no que é preciso poñer esforzos e creatividade. O LAL propón diversos espazos dialóxicos que ofrecen a oportunidade para falar sobre lingua usando e relacionándonos en galego.



A primeira edición do LAB lanzouse na comarca de Ferrolterra, unha escolla consciente ante a necesidade de estender os usos da lingua nunha comarca cargada de dinámicas e estereotipos desmobilizadores. Co seu labor, conseguiu dalgún xeito rachar co mito de Ferrolterra como un territorio que vive de costas ao galego. Os datos e comentarios do alumnado participante así o demostraron.

Cales son os seus obxectivos?

Xerais

Sensibilizar sobre a importancia da diversidade, en concreto da lingüística, no mundo e entender o galego como parte desa diversidade global.

Afondar na comprensión do contexto actual da lingua galega.

Específicos

Crear espazos seguros para o uso do galego como lingua de relación entre a mocidade.

Reflexionar, a partir da propia experiencia individual e colectiva, sobre os prexuízos e opresións a respecto da lingua.

Deseñar prototipos de intervencións dinamizadoras promovidas dende a mocidade.

Crear unha comunidade de activistas lingüísticas na comarca de Ferrolterra.



A quen está dirixido?

O laboratorio diríxese a mocidade adolescente. Na edición 2022 en Ferrolterra participou alumnado de educación secundaria de catro centros de ensino da comarca de Ferrolterra: IES Carvalho Calero, IES Concepción Arenal, IES Sofía Casanova, de Ferrol e o IES Punta Candieira, de Cedeira. Un grupo total de 88 mozas e mozos (52 mulleres e 36 homes).

Como funciona o LAB?

O marco metodolóxico baséase nos seguintes principios:

Teoría, reflexión individual e colectiva e xestión das emocións

Coñecemento situado e experiencia propia

Calidade do clima grupal e normas para crear un espazo seguro

Activación da intelixencia colectiva

Diversidade de linguaxes e saberes

Integración de ferramentas dixitais no proceso de traballo

Combina breves explicacións teóricas, coas que compartir un marco conceptual de referencia, con dinámicas e metodoloxías que favorecen a intelixencia e creación colectiva. O obxectivo é xerar un espazo de aprendizaxe nun clima de confianza para que, a través do **diálogo** e a experimentación, as mozas e mozos participantes sexan parte central da construción do coñecemento. Dáse protagonismo á oralidade mais emprega diferentes linguaxes, como o debuxo, o movemento, etc, para acoller a diversidade de formas de comunicarse e aprender. Emprega as TIC como recurso e como medio educativo.

Incorpora ferramentas e metodoloxías de **innovación social**, para facilitar diálogos profundos, a reflexión individual e colectiva e a creatividade. Establece “acordos básicos” con normas de relación e funcionamento na procura de crear e garantir espazos seguros. Son acordos como: falar dende a experiencia propia; dereito a poñer límites; confidencialidade; respecto mutuo, etc.

Emprega o “Foro orientado a procesos” como metodoloxía para soste diálogos grupais profundos e significativos nos que entender mellor as polaridades presentes nos grupos a respecto dun tema. Parte da necesidade de afondar na comprensión da diversidade de voces e posicións que aparecen nunha situación de conflito para poder extraer chaves transformadoras, que permitan avanzar nel superando posicións polarizadas. Nun contexto de contacto e **conflito** entre comunidades de falantes, nas que varias linguas forman parte da nosa identidade, resulta necesario comprender como operan eses conflitos a nivel interno, relacional e social.

Na parte **virtual**, traballa con plataformas como Menti. Serve para facer enquisas e xogos de preguntas en liña a través do teléfono móbil ou o computador, e aplícase para coñecer a situación sociolingüística do grupo, facendo unha primeira aproximación de xeito anónimo que axuda na creación dun clima de seguridade.

Por que é diferente doutros obradoiros?



Aborda a cuestión lingüística dun xeito innovador, incorporando ferramentas da xestión e facilitación de grupos e dando espazo ás emocións e a propia experiencia.



Busca xerar unha rede entre a mocidade sensible en materia lingüística na comarca, e tamén entre o profesorado.



Articula pontes co conxunto da sociedade, buscando un impacto máis alá da aula.



Conta cunha estratexia de comunicación para amplificar o impacto social do proxecto.



Está impulsado por unha entidade de economía social e solidaria, respectuosa co territorio e cos dereitos das persoas traballadoras.



É un proxecto piloto que aspira a consolidarse e medrar.



Como se desenvolveu?

SESIÓNS EN AULA

Obradoiros formativos presenciais dirixidos a alumnado de secundaria. Cada obradoiro constou de 2 sesións de 100 minutos de duración.

- Na primeira sesión presentouse o laboratorio e partiuse da foto da realidade lingüística da aula. Isto faise a través dunha enquisa sociolingüística que ofrece resultados grupais ao vivo e que serve para comezar a reflexionar. A continuación hai un momento de presentación teórica onde se introducen ideas chave a respecto da diversidade lingüística no mundo e os elementos que a atravesan.

Exploraron a súa relación coas diferentes linguas presentes na súa vida a través da "liña de vida lingüística", na que identificar na historia persoal momentos de conflito e de descuberta asociados á relación das diferentes linguas en contacto.

Para comezar a animar a participación, sacar a lingua fóra das aulas e animar as redes sociais do proxecto, tras a primeira sesión propúxose un reto lingüístico para facer entre este e a segunda sesión.

- Na segunda sesión, empregouse o Foro Aberto como metodoloxía para xerar un diálogo profundo e significativo a respecto das experiencias e sentires presentes no grupo co obxectivo de profundar nelas e comprendelas mellor. A pregunta que articulou o diálogo foi "Como vivimos neste grupo as linguas presentes no noso día a día?" e as posicións de partida dende onde se expresaban as voces do grupo foron: "comodidade", "incomodidade", "enfado" e "outras vivencias".



SESIÓN INTERCENTROS: PROTOTIPADO DE ACCIÓNS PARA A ACTIVACIÓN DE FALANTES

A participación nesta sesión foi voluntaria. Ao remate da segunda sesión en aula ofreceuse a oportunidade de continuar co proceso ás persoas interesadas a explorar máis o tema e a comprometerse coa xeración e presentación de propostas para a dinamización lingüística no seu centro e na súa comunidade. A motivación e implicación foi un dos elementos centrais do espazo o que propiciou un clima grupal que favoreceu a creatividade e conexión entre as participantes e co propósito do espazo.

Celebrouse o **11 de novembro, de 10:30 a 13:30, no Antigo Hospicio Municipal do Concello de Ferrol** e nela participaron 20 mozos e mozas e 3 profesoras. O obxectivo foi prototipar propostas de intervención que o propio alumnado puidese liderar e promover para a súa posta en práctica. Propostas na liña de facilitar o uso da lingua entre iguais, a súa posta en valor, a superación de prexuízos, etc.

A sesión comezou presentando as participantes. A continuación, a través da metodoloxía do Espazo aberto (Open space), identificáronse temas mobilizadores nos que basear as propostas que derivaron en 5 grupos de traballo. Durante o resto da sesión estes grupos traballou no prototipo de accións e no xeito de presentalas ao resto do alumnado no acto de peche do Laboratorio. Nas seguintes dúas semanas, os grupos traballaron autonomamente para presentar as súas propostas.



ACTO FINAL DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS E PECHE DO PROCESO

O acto final celebrouse o **28 de novembro de 12 a 13:30h no Centro Cultural Torrente Ballester de Ferrol**. A el estaba convocado o conxunto do alumnado participante na primeira fase, isto é, as 4 clases de 1º de bacharelato.

Na primeira parte do acto, despois da benvinda, aproveitouse para volver a traer o marco e o sentido do LAB, agradecendo a participación e celebrando os resultados que a continuación presentaron os grupos de traballo da sesión de prototipado. Presentáronse cinco propostas diferentes:

- Entra polos ollos: unha proposta de muralismo baseado en textos de referentes da literatura e da tradición oral galega.
- Tik tok en galego: preguntas sobre lingua galega entre o alumnado
- Sabíalo: conta de Tik tok sobre elementos da cultura galega
- Teatro social: peza improvisada sobre prexuízos lingüísticos.
- En galego...non fai graza? Uso do humor e concurso de memes para sensibilizar

A sesión rematou coa avaliación global da actividade por parte de todo o alumnado participante, e o convite a seguir desenvolvendo de maneira autónoma estas accións prototipadas.



Como se comunicou?

A comunicación foi unha peza clave no desenvolvemento do proxecto, para garantir o impacto no mundo. Contamos cun equipo multidisciplinar para apoiar esta área:

Nadina Bértolo
Deseño gráfico

Charo Lopes
Xestión das RRSS

Catuxa Martínez
Vídeo

Desenvolveumos un plan comunicativo que incluíu os seguintes elementos:

Creación dunha identidade gráfica propia, cartelaría específica para cada centro de ensino e aplicativos para RRSS.



Notas de prensa no comezo e no peche do proxecto.

Conta de Instagram con dúas publicacións semanais durante o tempo de execución.
[@laboratorio_lingua](https://www.instagram.com/laboratorio_lingua)


Vídeo resumo para RRSS. Enlace [aquí](#).



Vídeo explicativo de proxecto con entrevistas sobre o proceso. Enlace [aquí](#).



Que repercusión tivo no mundo?



NAS PERSOAS PARTICIPANTES

A través da enquisa previa sobre usos lingüísticos e na avaliación realizada no acto final podemos concluír a satisfacción da participación no proxecto de grande parte do alumnado.

En todos os centros a práctica totalidade do alumnado declaraba que lle gustaría falar máis ou mellor en galego, o que nos fala de certa superación de prexuízos nesta franxa etaria. Por outra banda, destacou o clima de participación e respecto no que se desenvolveron os diferentes espazos.

En síntese, o LAB foi unha experiencia moi significativa e emocionante para o alumnado que se involucrou de maneira activa, que destacou a posibilidade de xerar redes amables para o galego con outras persoas da súa idade e a potencia de quitar estas actividades fóra do marco das aulas. Tamén para o profesorado participante, xa que puido ver de primeira man a aplicación de metodoloxías de facilitación de grupos aplicadas á cuestión lingüística e tecer rede con outros centros.



NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Fixéronse eco do LAL tanto medios locais e autonómicos como webs de entidades e especializadas en temas culturais e lingüísticas.

[PGL](#)

[CTNL](#)

[CCG](#)

[Diario de Ferrol](#)

[Ferrol 360](#)

[Radio Fusión](#)

[COPE](#)

Quen está detrás do Laboratorio?

O Laboratorio de Apoderamento lingüístico de Ferrolterra é un proxecto deseñado e implementado por **Rexenerando S. Coop. Galega**, unha cooperativa sen ánimo de lucro afincada en Ferrol desde o 2014. Desde ela, un equipo interdisciplinar especializado na xestión e facilitación de grupos desenvolve proxectos de intervención socio-comunitaria arredor da igualdade de xénero, a participación social e a lingua e cultura.

Un dos eixos da misión e da actividade da cooperativa ten que ver co traballo arredor das memorias e culturas subalternizadas e dende aí, coa reflexión e intervención para a **activación de falantes** para o galego. Nos últimos anos coordinamos diversos traballos nesa liña como “Malas linguas. Activando falantes para o século XXI”, xornadas formativas da Área de Normalización lingüística da Deputación da Coruña (2018, 2019, 2020). Tamén formacións dirixidas a reflexionar sobre lingua, diversidade e conflito: obradoiros formativos como “As violencias machistas, unha lingua excluínte” (Deputación da Coruña, 2019) ou “Apoderamento lingüístico. Ferramentas desde a Educación Social” na Universidade da Coruña (2020) e na Universidade de Santiago de Compostela (2021 e 2022); “Apoderamento lingüístico. Ferramentas para mestras e mestres” (Formación do Profesorado, USC-Lugo, 2021) ou a participación en xornadas como “Educación Social, motor para a estima” (UDC 2021) centradas no papel da educación social como ferramenta para a normalización lingüística.

Rexenerando é unha entidade **comprometida** coa lingua dende a súa xénese. Lévaa e cóidaa nas súas comunicacións internas e externa. Emprégaa conscientemente nas actividades que promove, entendendo a necesidade de xerar e ofrecer espazos seguros para o seu uso: tanto para a persoas galegofalantes, que ven recoñecida a súa lingua en contextos formativos formais e informais, como para moitas castelanfalantes que aproveitan a oportunidade para expresarse e relacionarse en galego.

Como equipa de profesionais especializadas na xestión e facilitación de procesos grupais, **a nosa mirada** contempla a necesidade da sociedade galega de expresar e socializar as feridas e traumas que contén cuestión lingüística, promovendo a xestión colectiva das emocións e o conflito. Cando se fai, escoitamos falar da ferida de quen perdeu a lingua na escola, da mensaxes recibidas dende a infancia, da dor pola perda dun patrimonio familiar e colectivo, da vergonza ao falar das neofalantes ou de marcar ceros trazos dialectais, etc; un longo etcétera que debemos explorar. Ao longo da nosa experiencia vemos isto repetidamente. Por iso, facemos do galego non só un elemento vehicular senón un recurso transversal. Usámolo consciente e intencionalmente, en todas as nosas intervencións, en conexión coa comprensión e reivindicación do conxunto de valores e prácticas transformadoras que promovemos e nos inspiran: dende o feminismo ao ecoloxismo, do antirracismo á recuperación dos saberes e memorias subalternizadas.

Porque a forza do noso amor, non pode ser inútil.

Laboratorio de Apoderamento Lingüístico de Ferrolterra
Edición 2022